O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comprometerse a poñer en marcha as recomendacións do Informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Exercicio 2021-2022. Para tal efecto, remitirá ao Parlamento galego un cronograma coa planificación prevista para o seu debate e a elaboración de conclusións así como un informe xustificativo das razóns para incumprir a súa propia normativa e que impediu que o Consello de Contas puidera verificar que a planificación, coordinación e seguimento das actuacións incluídas no PRTR se substanciaban acadara o grao de desenvolvemento esixible. Así mesmo, remitirase un informe xustificativo da falta e demora no desenvolvemento dos instrumentos de planificación previstos pola Xunta, como o Plan Estratéxico de Subvencións ou un Plan Anual de Contratación nos que poder reflectir os instrumentos de xestión do PRTR.

**Resolución núm. 46**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reforzar a dotación do persoal que participa na tramitación de Fondos Europeos e a ser transparente con ese reforzo facendo pública a dotación dos reforzos e servizos de forma clara e desagregada.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 47**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento un Plan de mellora da execución dos fondos europeos para procurar, como recomenda o Consello de Contas, unha maior eficacia canto á execución orzamentaria.

**Resolución núm. 48**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dar conta mediante un Plan de continxencia específico da folla de ruta a seguir para a corrección das graves deficiencias sinaladas no Informe de fiscalización da prestación con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras e que poden comprometer a prestación de servizos esenciais para o funcionamento da sanidade pública toda vez que o proceso de concentración e oligopolización sinalados como riscos polo Consello avanzou coa compra do Grupo Recoletas dos principais hospitais privados da área.

**Resolución núm. 49**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza que, á vista dos fracasos sinalados polo Consello de Contas no ámbito da colaboración público privada en materia de infraestruturas, proceda a unha revisión da súa totalidade, avaliando os seus resultados e as súas posibilidades de xestión de cara ao futuro, contemplando as distintas posibilidades de reversións.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 50**

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a rectificar a falta de motivación e xustificación dos criterios de adxudicación, publicidade, incorreccións e abuso no ámbito dos contratos menores e procedementos abertos sinalados polo Consello de Contas e calendarizar a aplicación das súas recomendacións, emitindo tamén un informe para remitir ao Parlamento galego.

**Resolución núm. 51**

O Parlamento galego insta ao goberno galego a rectificar a súa política fiscal por detraer recursos que, nun contexto de limitacións no gasto público, son absolutamente fundamentais para o sostemento dos servizos públicos esenciais.

**Resolución núm. 52**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aceptar as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común. Exercicios 2009-2021 e empregar estas consideracións, así como a información recompilada e proporcionada polo organismo para negociar directamente co goberno central as melloras necesarias para que Galiza teña un sistema de financiamento novo e xusto.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:37
Nº Rexistro: 26739
Data envio: 03/06/2025 18:19:37.467

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 53**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aceptar as recomendacións do Consello de Contas respecto das dúas sociedades nas que a Xunta de Galiza é o socio de referencia que posúe a maior participación de todos os accionistas, Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia (Impulsa Galicia) e Sociedade para o aproveitamento sostible de recursos naturais de Galicia (RDG SA) e ter en conta que a ante a concorrencia doutros elementos nestas empresas como: a promoción pública destas iniciativas, a composición dos órganos de administración, a sede social en instalacións públicas, a designación de directivos e o dereito de veto ou bloqueo nas decisións das sociedades son indicadores de control público e/ou influencia pública significativa a Xunta debe aprobar un marco normativo e implantar medidas de xestión que incrementen o nivel de transparencia e supervisión nestas entidades nas que a participación pública, aínda que poda non ser maioritaria, é moi relevante.

**Resolución núm. 54**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir os defectos sinalados polo Consello de Contas na información contable rendida no Informe económico-financeiro das entidades instrumentais 2023 e anteriores e remitir ao Parlamento Galego un informe detallado das medidas tomadas.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 55**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para, nos exercicios vindeiros, realizar nas entidades instrumentais controis de eficacia, auditorías operativas e supervisións continuas que traten de verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación do organismo e remitir a información pertinente ao Parlamento Galego en aras da transparencia e do bo goberno.

**Resolución núm. 56**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento Galego un informe sobre o estado de aplicación das medidas recollidas e aceptadas no Informe económico-financeiro das entidades instrumentais 2023 e anteriores pendentes de aplicación.

**Resolución núm. 57**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asumir o fracaso da Lei 2/2024, do 30 de abril, de Impulso Demográfico pola súa falta de planificación, definición, conceptualización e concreción e impulsar unha mesa de traballo plural co tecido social, organizacións sociais, entidades locais e actores pertinentes de cara a estabelecer o marco político e organizativo adecuado para que o reto demográfico teña cabida na acción política e institucional máis alá dun desideratum.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:37
Nº Rexistro: 26739
Data envio: 03/06/2025 18:19:37.467

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Pérez López**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/06/2025 17:03:17**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2025 17:06:20**

**Iria Carreira Pazos na data 03/06/2025 17:06:37**

**Daniel Pérez López na data 03/06/2025 17:07:01**

**José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 17:07:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2025 17:07:42**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:02:32
Nº Rexistro: 26767
Data envio: 04/06/2025 11:02:32.958

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** advertido erro no documento con número de rexistro **26739,** solicita a seguinte corrección:

Onde pon:

**Memoria anual de actividades de 2022 do Consello de Contas** (doc. núm. 56574/MCON-000004).

Debe poñer:

**Memoria anual de actividades de 2023 do Consello de Contas** (doc. núm. 11005; 12/MCON-000001).

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2025 11:02:19**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envío: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **propostas de resolución aos informes de fiscalización do sector público de Galiza, incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza de 2023, que forma parte da Memoria anual de actividades de 2023 do Consello de Contas (12/MCON-000001).**

**Resolución núm. 1**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar a súa obstaculización das recomendacións contidas nos informes de fiscalización do sector público de Galiza que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2023. Para tal efecto, deberá remitir ao Parlamento galego un cronograma da súa concreción e a debida xustificación daquelas recomendacións que non se aceptaren. Así mesmo, ínstase á aprobación da Conta Xeral de 2023.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 2**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comprometerse con que o retraso na tramitación parlamentaria da Conta Xeral de 2022 e da Conta Xeral de 2023 non sexan unha desculpa para dilatar a posta en marcha de medidas e a planificar un calendario de aplicación das novas recomendacións que será remitido á Cámara Galega.

**Resolución núm. 3**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que escoite a reiterada demanda do Consello de Contas e recolla na súa memoria anual información sobre a significación dos compromisos financeiros asumidos pola Comunidade para financiar as infraestruturas públicas e medidas relacionadas de cara a garantir unha maior transparencia sobre a situación económico financeira da Comunidade.

**Resolución núm. 4**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que escoite a demanda do Consello de Contas respecto de establecer mecanismos que garantan a fiabilidade e integridade dos datos sobre os efectivos de persoal e ofrecer esta información na memoria da Conta Xeral por categorías e sectores e coa información desagregada por sexo e que acelere o cumprimento tendo en conta a relevancia para observar a situación respecto da igualdade das mulleres.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 5**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a rectificar e impulsar, mediante tramitación ordinaria, facilitando o traballo dos grupos con representación na cámara, as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de rendición das contas a 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas tal e como reclama desde hai anos o organismo.

**Resolución núm. 6**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a atender a demanda do goberno galego de depurar a información do Rexistro de contratos de forma que permita discriminar os contratos menores que se tramitan baixo procedementos especiais de pagamento (anticipos de caixa ou pagamentos a xustificar) e asociar os apuntes do gasto de contías insignificantes ás contratacións que traen causa.

**Resolución núm. 7**

O Parlamento galego insta a Xunta a deixar de dilatar cada ano a elaboración dun novo Plan de contabilidade pública de Galiza e comprometer que vai impulsar a actualización deste antes do remate de 2025.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envío: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 8**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a avanzar na dirección sinalada polo Consello de Contas de estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas impulsando os mecanismos oportunos e negociado cos concellos galegos un marco de relacións seguindo o modelo de Plan Único implantado en tres das catro deputacións galegas.

**Resolución núm. 9**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asumir as demandas do Consello de Contas, que aceptou pero non aplicou, de recoller na súa memoria anual información sobre a significación dos compromisos financeiros asumidos pola Comunidade para financiar as infraestruturas públicas, o que determinará unha maior transparencia sobre a situación económico-financeira da Comunidade. Así mesmo, ínstase á Xunta a remitir asemade esa mesma información á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 10**

O Parlamento galego insta a Xunta a deixar de obstaculizar reiteradamente a posta en práctica da recomendación do Consello de Contas de establecer obxectivos e indicadores de cumprimento cando se proceda á creación de novos incentivos fiscais, así como a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. Para tal efecto, o goberno deberá comprometerse a elaborar e remitir estes traballos ao Parlamento de Galiza, como prazo máximo, acompañando a documentación que se remita antes da entrada na Cámara do vindeiro proxecto de orzamentos.

**Resolución núm. 11**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar e facilitar ao Consello de Contas un acceso en tempo real ao sistema contable XUMCO II para os efectos de dispoñer da documentación soporte das operacións rexistradas

**Resolución núm. 12**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a acelerar as adaptacións normativas e instrucións de contabilidade necesarias para normalizar o contido da Conta Xeral, tal e como demanda o Consello de Contas desde hai anos sen que se verifique avance definitivo na materia pese á aceptación por parte do goberno galego. Para poñer en marcha este compromiso, remitirá ao Parlamento galego a folla de ruta prevista debidamente calendarizada antes da entrada na Cámara dos vindeiros orzamentos da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 13**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as constantes deficiencias sinaladas polo Consello de Contas respecto do abuso do recurso do Fondo de Continxencia e remitir á cámara un informe respecto do salientable incremento experimentado no exercicio 2023.

**Resolución núm. 14**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer fin ás limitacións ao alcance que na Conta Xeral de 2023 derivaron en que non exista para o Consello de Contas información sobre a antigüidade dos debedores pendentes de cobro, o que limita o cálculo dos dereitos de dubidoso cobro.

**Resolución núm. 15**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer fin ás incorreccións recorrentemente sinaladas polo Consello de Contas verbo da memoria da Conta da Administración xeral por non se axustar á estrutura esixida polo Plan xeral de contabilidade pública de Galicia por non incluír todos os estados previstos no Plan, ademais de que a información dos contidos incluídos non é completa e que deriva en que a información contida na memoria da Administración xeral, tanto esta como as dos organismos autónomos seguen sen achegar a información relevante necesaria para facilitar a comprensión das contas anuais obxecto de presentación.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 16**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar o incumprimento do seu Plan Xeral de Contabilidade pública e implantar no SERGAS un sistema integral de contabilidade así como aquelas correccións que reitera e sinala o Informe da Conta Xeral de 2022 e 2023 e anteriormente e adecuar a rendición de contas para posibilitar un maior control, responsabilidade e eficiencia na xestión do orzamento.

**Resolución núm. 17**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes a que, tal e como demanda o Consello de Contas desde os primeiros informes da Conta Xeral, o balance recolla un inmobilizado material que concorde co inventario, xa que se practican unhas amortizacións que non reflicten a depreciación real e outras deficiencias ao respecto. Para tal efecto, remitirá á Cámara galega un informe coas medidas postas en marcha.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 18**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes a corrixir a súa mala praxe orzamentaria respecto da continuidade de existencia dunha utilización recorrente das ampliacións de crédito que constata unha deficiente orzamentación, dado que se reiteran as mesmas partidas todos os anos, que resultan ademais previsibles polo seu contido, polo que poden determinarse anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais tal e como demanda o Consello de Contas.

**Resolución núm. 19**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes a incrementar a transparencia publicando no portal de transparencia están publicados os contidos da información económico-financeira en formatos reutilizables e cunha referencia clara á data da súa actualización e, no caso de que non exista información que publicar, sinalar expresamente esta circunstancia.

**Resolución núm. 20**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer sistemas de control nas sociedades e fundacións do sector público nas que a Administración autonómica non ostenta o control aínda sendo o socio maioritario.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envío: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 21**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara un informe específico no que explique o incremento do Fondo de continxencia nos exercicios auditados e as razóns polas que segue a empregarse para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación así como as medidas que vai impulsar no próximo exercicio para corrixir esta situación recorrente.

**Resolución núm. 22**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas ante os factores e limitacións que afectan á cuantificación e interpretación do saldo do remanente de tesouraría, como o gasto do exercicio non contabilizado, a pouca fiabilidade dos saldos de dubidoso cobro ou a ausencia de incorporación do cómputo das desviacións de financiamento.

**Resolución núm. 23**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aprobar antes do remate de 2025 un verdadeiro plan de creación de emprego público para abordar a redución da temporalidade, que sitúa o Consello no 44,5% e que alerta de que coa información dispoñible sobre a execución das OPE non pode concluírse cunha seguridade razoable a adecuada determinación e suficiencia de prazas convocadas e cubertas para reducir a temporalidade nos niveis buscados.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 24**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rebaixar a porcentaxe de subvencións outorgadas coa utilización dos procedementos de concesión directa e deixar de empregar os recursos públicos dos galegos e galegas de forma discrecional.

**Resolución núm. 25**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata a recomendación de depurar a información do Rexistro de contratos de forma que permita discriminar os contratos menores que se tramitan baixo procedementos especiais de pagamento (anticipos de caixa ou pagamentos a xustificar) e asociar os apuntes do gasto de contías insignificantes ás contratacións que traen causa e a facelo antes do remate de 2025.

**Resolución núm. 26**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a actuar diante do infrafinanciamento estrutural que amosa o SERGAS de forma reiterada na Conta Xeral, para o que deberá comprometerse unha mellor planificación orzamentaria que inclúa unha calendarización para a recuperación de servizos privatizados e unha negociación co Estado español para un novo marco de financiamento para este servizo fundamental.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 27**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a actuar de forma urxente ante a falta de soporte contractual de importantes servizos de actividade sanitaria prestada con medios alleos e deixar de abusar dos contratos menores así como a cesar na utilización da figura da autorización de uso como forma contractual cando non corresponde.

**Resolución núm. 28**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata unha mesa de traballo para abordar as diferentes problemáticas do persoal das fundacións públicas galegas, singularmente a disparidade entre as retribucións asignadas a postos semellantes e as irregularidades dos contratos temporais realizados que cobren prazas estruturais, posto que esta situación continúa pendente de resolver.

**Resolución núm. 29**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir as recomendacións pendentes que se reiteran no último Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial e que xa se incluían no anterior, así como a remitir á cámara galega un informe detallado do seu non incumprimento xa que isto non está suficientemente detallado nas alegacións que acompañan dito informe.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 30**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deixar de dilatar a implantación dun sistema integral de contabilidade no SERGAS de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galiza (ou o Plan Xeral de contabilidade de 2010, en tanto non se aprobe un novo plan autonómico), co fin de dispor de información adicional á liquidación orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido plan.

**Resolución núm. 31**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deixar de obstaculizar a rendición de contas do ámbito sanitario e incorporar na Memoria da Conta do Sergas a información demandada polo Consello como necesaria para coñecer a situación económico-financeira do Sergas e incluír, como mínimo, a especificada no Plan Xeral De Contabilidade Pública de 2010, en tanto non se aprobe un novo Plan de contabilidade Pública de Galiza.

**Resolución núm. 32**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deixar de obstaculizar o coñecemento público sobre o persoal real co que conta o sistema público de sanidade e relacionar o número de efectivos de persoal do exercicio, así como unha evolución interanual, tal e como demanda o Consello de Contas reiteradamente.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 33**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir a mala praxe orzamentaria aplicada no ámbito sanitario e, conforme demanda o Consello de Contas: reducir ás estritamente necesarias as modificacións orzamentarias para non desvirtuar o seu carácter excepcional e efectuar previsións orzamentarias iniciais axustadas ás necesidades reais de gastos que son recorrentes en todos os exercicios o que evitaría boa parte das modificacións orzamentarias; aplicar as diferentes modalidades de modificacións orzamentarias conforme ás finalidades previstas. e evitar a utilización de ampliacións de crédito en conceptos distintos aos previstos na normativa para este tipo de modificacións; evitar o uso recorrente ao programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas) como medio de financiamento das modificacións de crédito, xa que desvirtúa os límites previstos para as transferencias de crédito; regularizar os dereitos recoñecidos pendentes de cobramento e as obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores, en especial os de maior antigüidade e limitar o emprego do Fondo de Manobra e os pagamentos a xustificar en aras á transparencia xa que as melloras e axilidade na tramitación dos pagamentos non xustifican o seu emprego.

**Resolución núm. 34**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a explicar por escrito as razóns do incumprimento do mandato unánime do Parlamento galego no ano 2023 de estabelecer sistemas de control sobre as sociedades e fundacións públicas nas que a Administración autonómica non ostenta o control pero é o socio maioritario e das razóns para seguir afondando na falta de transparencia e na falta de rendición de contas na materia.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 35**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de revisión do soporte contractual e da antigüidade dos concertos, con especial atención aos sanitarios e socio sanitarios, así como ás colaboracións público-privadas do servizos públicos de cara a reorientar a organización destes cara a reversión para a xestión pública.

**Resolución núm. 36**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as eivas nos procedementos de contratación do SERGAS, singularmente a realizar unha análise realista e rigorosa da prestación que se contrata e planificación adecuada da súa duración (cronograma de inicio das actuacións de preparación da nova contratación), coa finalidade de evitar que os contratos se prolonguen sen xustificación e limitar desta forma a concorrencia competitiva. Para tal efecto, a Xunta comprométese a remitir á Cámara Galega un informe no prazo máximo de 3 meses no que detalle os procedementos próximos a rematar e estude a posibilidade, ademais, da súa reversión ao público no caso de tratarse de contratacións privatizadas.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 37**

O Parlamento galego insta a Xunta a corrixir as eivas nos procedementos de contratación do SERGAS e impulsar as medidas relacionadas polo Consello de Contas de forma que se contribúa a evitar os constantes problemas que estamos a ver no ámbito da atención sanitaria en servizos como a limpeza ou a seguridade así como a estudar a posible e progresiva reinternalización destes servizos.

**Resolución núm. 38**

O Parlamento galego insta a Xunta a aceptar a demanda de completar o modelo de predición de riscos, que a OGAC implantou no control financeiro de ciclo continuo no ámbito do Sergas, con auditorías específicas dos riscos detectados e con auditorías periódicas nas áreas de gasto sometidas a esta análise previa, co fin de realizar unha análise cualitativa do gasto, que permita obter evidencia suficiente e pertinente sobre o cumprimento dos principios de legalidade, economía, eficiencia e eficacia na xestión do gasto. Para tal efecto, remitirá ao Parlamento Galego unha proposta de calendarización e aplicación.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 39**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes a corrixir a participación dos concellos galegos na obtención de fondos europeos, que o goberno levou a mínimos históricos. Para isto, a Xunta de Galiza dirixirase á FEGAMP para acordar mecanismos que corrixan este problema reiterado.

**Resolución núm. 40**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias reiteradas na dación de contas respecto da xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial e remitir, en aras da transparencia, a información pendente ao Parlamento galego e ao Consello de Contas, así como unha relación das medidas que van impulsar para que os xestores dos proxectos financiados cos FFCI melloren o grao de colaboración e para aplicar as recomendacións pendentes, incluíndo a súa calendarización.

**Resolución núm. 41**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comprometerse a poñer en marcha as medidas necesarias para corrixir que o cumprimento da normativa en materia de transparencia por parte das entidades dependentes do Sergas siga a ser "baixo" e remitir ditas medidas ao Parlamento Galego para o seu debate e aprobación.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 42**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a transparentar e remitir ao Parlamento Galego a información sobre os convenios asinados con FPUSG-061, a F Ingo e Galaria desactualizada, incompleta ou ausente na Conta Xeral do SERGAS.

**Resolución núm. 43**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as eivas sinaladas respecto dos controis aplicados nas auditorías de cumprimento en materia de contratación (ADOS, ACIS e F Ingo) e remitir á Cámara un informe coas actuacións emprendidas e a documentación que as transparente.

**Resolución núm. 44**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender a demanda do Consello de Contas de dar un maior impulso á adopción de medidas tipo colaborativo, especialmente coas entidades locais, co obxectivo de que participen en maior medida na xestión dos programas europeos e instrumentos financeiros Next Generation, REACTEU etc., e maximizar o emprego dos recursos financeiros europeos a prol da veciñanza e do tecido produtivo local, neste contexto de crise financeira, sanitaria e enerxética que está a afectar aos países membros da Unión Europea. Para iso, remitirá unha proposta de corrección da planificación para acordala coa FEGAMP, co Parlamento de Galiza e co Consello

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Económico e Social.

**Resolución núm. 45**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comprometerse a poñer en marcha as recomendacións do Informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Exercicio 2021-2022. Para tal efecto, remitirá ao Parlamento galego un cronograma coa planificación prevista para o seu debate e a elaboración de conclusións así como un informe xustificativo das razóns para incumprir a súa propia normativa e que impediu que o Consello de Contas puidera verificar que a planificación, coordinación e seguimento das actuacións incluídas no PRTR se substanciaban acadara o grao de desenvolvemento esixible. Así mesmo, remitirase un informe xustificativo da falta e demora no desenvolvemento dos instrumentos de planificación previstos pola Xunta, como o Plan Estratéxico de Subvencións ou un Plan Anual de Contratación nos que poder reflectir os instrumentos de xestión do PRTR.

**Resolución núm. 46**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reforzar a dotación do persoal que participa na tramitación de Fondos Europeos e a ser transparente con ese reforzo facendo pública a dotación dos reforzos e servizos de forma clara e desagregada.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 47**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento un Plan de mellora da execución dos fondos europeos para procurar, como recomenda o Consello de Contas, unha maior eficacia canto á execución orzamentaria.

**Resolución núm. 48**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dar conta mediante un Plan de continxencia específico da folla de ruta a seguir para a corrección das graves deficiencias sinaladas no Informe de fiscalización da prestación con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras e que poden comprometer a prestación de servizos esenciais para o funcionamento da sanidade pública toda vez que o proceso de concentración e oligopolización sinalados como riscos polo Consello avanzou coa compra do Grupo Recoletas dos principais hospitais privados da área.

**Resolución núm. 49**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza que, á vista dos fracasos sinalados polo Consello de Contas no ámbito da colaboración público privada en materia de infraestruturas, proceda a unha revisión da súa totalidade, avaliando os seus resultados e as súas posibilidades de xestión de cara ao futuro, contemplando as distintas posibilidades de reversións.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 50**

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a rectificar a falta de motivación e xustificación dos criterios de adxudicación, publicidade, incorreccións e abuso no ámbito dos contratos menores e procedementos abertos sinalados polo Consello de Contas e calendarizar a aplicación das súas recomendacións, emitindo tamén un informe para remitir ao Parlamento galego.

**Resolución núm. 51**

O Parlamento galego insta ao goberno galego a rectificar a súa política fiscal por detraer recursos que, nun contexto de limitacións no gasto público, son absolutamente fundamentais para o sostemento dos servizos públicos esenciais.

**Resolución núm. 52**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aceptar as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común. Exercicios 2009-2021 e empregar estas consideracións, así como a información recompilada e proporcionada polo organismo para negociar directamente co goberno central as melloras necesarias para que Galiza teña un sistema de financiamento novo e xusto.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:53
Nº Rexistro: 26740
Data envio: 03/06/2025 18:19:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 53**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aceptar as recomendacións do Consello de Contas respecto das dúas sociedades nas que a Xunta de Galiza é o socio de referencia que posúe a maior participación de todos os accionistas, Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia (Impulsa Galicia) e Sociedade para o aproveitamento sostible de recursos naturais de Galicia (RDG SA) e ter en conta que a ante a concorrencia doutros elementos nestas empresas como: a promoción pública destas iniciativas, a composición dos órganos de administración, a sede social en instalacións públicas, a designación de directivos e o dereito de veto ou bloqueo nas decisións das sociedades son indicadores de control público e/ou influencia pública significativa a Xunta debe aprobar un marco normativo e implantar medidas de xestión que incrementen o nivel de transparencia e supervisión nestas entidades nas que a participación pública, aínda que poda non ser maioritaria, é moi relevante.

**Resolución núm. 54**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir os defectos sinalados polo Consello de Contas na información contable rendida no Informe económico-financeiro das entidades instrumentais 2023 e anteriores e remitir ao Parlamento Galego un informe detallado das medidas tomadas.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 55**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para, nos exercicios vindeiros, realizar nas entidades instrumentais controis de eficacia, auditorías operativas e supervisións continuas que traten de verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación do organismo e remitir a información pertinente ao Parlamento Galego en aras da transparencia e do bo goberno.

**Resolución núm. 56**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento Galego un informe sobre o estado de aplicación das medidas recollidas e aceptadas no Informe económico-financeiro das entidades instrumentais 2023 e anteriores pendentes de aplicación.

**Resolución núm. 57**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asumir o fracaso da Lei 2/2024, do 30 de abril, de Impulso Demográfico pola súa falta de planificación, definición, conceptualización e concreción e impulsar unha mesa de traballo plural co tecido social, organizacións sociais, entidades locais e actores pertinentes de cara a establecer o marco político e organizativo adecuado para que o reto demográfico teña cabida na acción política e institucional máis alá dun desideratum.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Pérez López**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/06/2025 17:05:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2025 17:06:16**

**Iria Carreira Pazos na data 03/06/2025 17:06:41**

**Daniel Pérez López na data 03/06/2025 17:06:58**

**José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 17:07:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2025 17:07:39**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa da Comisión Permanente non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa Mesa as seguintes **propostas de resolución**, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia incluído o de fiscalización das **contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2022,** contidos na Memoria anual de actividades de 2023 (12/MCON-000001, documento número 11005)

**Resolución núm. 1**

O Parlamento de Galicia reproba a falta de dilixencia no labor de colaboración da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda co Consello de Contas de Galicia, ao continuar constatando que, en xeral, non se aprecian avances salientables no cumprimento das reiteradas recomendacións realizadas polo dito órgano.

**Resolución núm. 2**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aborde neste exercicio 2025 unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa un novo plan de contabilidade pública adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 2010, así como a mellora na delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, quince anos despois da aprobación da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

Asinado o día 03/06/2025 ás 17:23
Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envio: 03/06/2025 18:05:50.894

**Resolución núm. 3**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que anticipe antes do 30 de xuño do exercicio correspondente á rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas e a súa remisión á Cámara galega.

**Resolución núm. 4**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para, en cumprimento do principio de transparencia, presentar a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, coa incorporación da información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos:

a ) da situación financeira global do sector público autonómico;
b ) da execución de beneficios fiscais;
c ) do volume de endebedamento e do grao de cumprimento de obxectivos;
d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

**Resolución núm. 5**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fundamentar de xeito totalmente congruente e claro o financiamento vinculado ás incorporacións de crédito relativo á liquidación de exercicios anteriores.

**Resolución núm. 6**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envio: 03/06/2025 18:05:50.894

rendición de contas, así como a elaborar toda a documentación necesaria para non limitar o alcance dos informes por parte do Consello de Contas de Galicia, procedendo ao subministro sobre o coste de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia, elaborando e dando a coñecer un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro e auditoría pública.

**Resolución núm. 7**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias co fin de restrinxir o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), e evitar a súa utilización como programa-ponte de transferencias de crédito co obxectivo de posibilitar a superación dos límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

**Resolución núm. 8**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regulamente os supostos de aplicación, así como a dotación asignada o Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF.

**Resolución núm. 9**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación orzamentaria e contable entre os investimentos reais e os gastos de carácter inmaterial.

**Resolución núm. 10**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que publique na

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

súa páxina de transparencia, información accesible e actualizada acerca dos obxectivos económicos e financeiros establecidos e o seu grao de realización polas diversas unidades de gasto do sector público autonómico.

**Resolución núm. 11**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, e levar a cabo as actuacións necesarias para conseguir unha utilización máis eficiente dos recursos tal que ao final de cada exercicio se xustifique unha contía superior dos fondos aos que se realizou en precedentes exercicios.

**Resolución núm. 12**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar o volume, tanto en importe como número, das modificacións orzamentarias, realizando unha concreta e axeitada valoración do seu impacto sobre os obxectivos de gasto programados.

**Resolución núm. 13**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a respectar a lexislación aplicable e a non volver a diminuír, os créditos consignados para gastos do programa 312D para a atención á dependencia, ao tempo que verificar o nivel de calidade asistencial da rede pública de centros de atención ás persoas maiores adscritas á Consellería de Política Social.

**Resolución núm. 14**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a computar e contabilizar

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envío: 03/06/2025 18:05:50.894



correctamente os gastos correspondentes a cada exercicio económico, para evitar a validación de gastos de exercicios anteriores, así como desprazamentos de obrigas ao ano seguinte, que por non se computaren correctamente non figuran no cálculo do remanente e constitúen pasivos ocultos.

**Resolución núm. 15**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a integrar a todos os efectos as fundacións de investigación con conexións aos centros sanitarios públicos, no sector público autonómico, sometendo polo tanto as súas contas á rendición do Consello de Contas de Galicia.

**Resolución núm. 16**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regularizar os concertos sanitarios que se manteñen no tempo sen soporte contractual adecuado, para rematar coa utilización de xeito reiterado de autorizacións de uso que en moitos casos non acreditan necesidades urxentes que se pretenden atender por parte do Sergas.

**Resolución núm. 17**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que empregue indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que se poidan evitar os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos preceptores dos fondos europeos.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Resolución núm. 18**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que nas distintas bases de datos XUMCO e Conta Xeral, se incorpore o mesmo sistema de identificación e clasificación de todas as persoas beneficiarias de fondos europeos, relacionando os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e especificando os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica.

**Resolución núm. 19**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a efectuar unha análise do custo das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) de Povisa en relación co Hospital Álvaro Cunqueiro, para poder fixar con exactitude o importe a satisfacer a este ente concertado e permitir unha idónea comparativa co paciente atendido nos centros públicos, ao tempo que a implantar mecanismos efectivos para o seguimento e valoración sanitaria.

**Resolución núm. 20**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de 6 meses un informe á Cámara galega no que dea conta pormenorizada do grado de execución ou incumprimento en relación ás conclusións e recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia e recollidas no documento “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral”.

**Resolución núm. 21**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar substancialmente e axilizar por parte do Sergas os procesos de reclamacións de

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

responsabilidade patrimonial, reforzando a análise sobre os incidentes acontecidos e para avanzar no obxectivo da súa minoración, promover criterios homoxéneos que garantan unha maior calidade da instrución e regular o funcionamento da Comisión de seguimento existente.

**Resolución núm. 22**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto, así como regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.

**Resolución núm. 23**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas, así como a aprobación no prazo de tres meses dos plans estratéxicos e plans de acción anuais previstas nas súas normas de creación e inéditos ata o día de hoxe.

**Resolución núm. 24**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

**Resolución núm. 25**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a negociar coas

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envio: 03/06/2025 18:05:50.894

entidades locais galegas a asunción e o custe das competencias impropias que están sendo desenvolvidas polas corporacións locais, así como abordar un plan de financiamento local.

**Resolución núm. 26**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de comunicación anual que inclúa o orzamento total destinado a publicidade e propaganda distribuído por consellerías e entes instrumentais do sector público de Galicia.

**Resolución núm. 27**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar no portal de transparencia os expedientes de validación de gastos irregulares aprobados polo Consello da Xunta, a xustificación dos incumprimentos ou omisión de fiscalización detectados, incluíndo os expedientes de validación tramitados en relación co Sergas.

**Resolución núm. 28**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar o cumprimento da obriga de publicidade da contratación menor, definindo o obxecto da contratación e permitindo a explotación dos datos por beneficiarios sen limitacións temporais, co obxecto de evitar os fraccionamentos irregulares e dar garantía aos cumprimentos dos principios básicos da contratación administrativa de publicidade, concorrencia e integridade.

**Resolución núm. 29**

O Parlamento de Galicia insta A Xunta de Galicia a reducir o grao de

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

temporalidade no emprego público, especialmente no ámbito sanitario, tal e como ten constatado o Consello de Contas. O obxectivo de temporalidade no emprego público está a nivel nacional no 8 %. O sector público representa o 21 % do emprego en Galicia (199.000 asalariados) e reúne o 41 % de todos os temporais.

**Resolución núm. 30**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha base de datos dos reparos efectuados polas distintas Intervencións Delegadas e as contestacións realizadas polos diferentes órganos xestores para a fiscalización polo Consello de Contas de Galicia, do mesmo xeito que xa se efectúa o dito control en relación coas entidades locais de Galicia.

**Resolución núm. 31**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe que conteña os datos de execución dos fondos propios e recibidos do Estado do Xacobeo nos último 5 anos, así como dos procesos de contratación.

**Resolución núm. 32.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á profesionalización da xestión do Instituto Galego de Promoción Económica.

**Resolución núm. 33**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha aplicación informática que permita obter datos históricos sobre os saldos debedores pendentes de cobro, xa que a día de hoxe a información non está dispoñible, o que limita o cálculo dos dereitos de dubidoso cobro e a realidade do alcance

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envio: 03/06/2025 18:05:50.894

relativo ao remanente de tesourería.

**Resolución núm. 34**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no capítulo VIII do orzamento de gastos da Administración Xeral, que figura como activos financeiros operacións por importe de 119 millóns de euros destinadas a cubrir déficits de explotación da CRTVG, se rexistren como gasto non financeiro e polo tanto diminuír o resultado de operacións non financeiras nese importe.

**Resolución núm. 35**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar unha regulación efectiva dos conflitos de intereses dos altos cargos do Goberno galego nos procedementos de contratación e subvencións públicas.

**Resolución núm. 36**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que o Sergas, que representa o 40 % do gasto non financieiro da Comunidade, conte cun sistema integral de contabilidade.

**Resolución núm. 37**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se reduza o emprego do contrato menor a situacións excepcionais que aconsellen a súa utilización fronte a outros procedementos e motivar expresamente esa excepcionalidade no informe ou memoria xustificativa da necesidade, así como planificar a actividade contractual identificando as necesidades que se van reiterar ao longo do exercicio e aquelas que se manteñen por un tempo superior a un ano.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Resolución núm. 38**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se reduza os procedementos de concesión directa de subvencións públicas, a través de convenios de colaboración a situacións excepcionais, sendo o procedemento legal ordinario de subvencións o de concorrencia competitiva.

Santiago de Compostela, a 3 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envio: 03/06/2025 18:05:50.894

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/06/2025 17:23:55**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:05:50
Nº Rexistro: 26734
Data envio: 03/06/2025 18:05:50.894

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 18:05:51**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:06:23
Nº Rexistro: 26735
Data envio: 03/06/2025 18:06:23.020

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

**Á Mesa da Comisión Permanente non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa Mesa as seguintes **propostas de resolución**, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia incluído o de fiscalización das **contas xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023,** contidos na Memoria anual de actividades de 2023 (12/MCON-000001, documento número 11005)

**Resolución núm. 1**

O Parlamento de Galicia reproba a falta de dilixencia no labor de colaboración da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda co Consello de Contas de Galicia, ao continuar constatando que, en xeral, non se aprecian avances salientables no cumprimento das reiteradas recomendacións realizadas polo dito órgano.

**Resolución núm. 2**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aborde neste exercicio 2025 unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa un novo plan de contabilidade pública adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 2010, así como a mellora na delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, quince anos despois da aprobación da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

Asinado o día 03/06/2025 ás 17:24
Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Resolución núm. 3**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que anticipe antes do 30 de xuño do exercicio correspondente á rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas e a súa remisión á Cámara galega.

**Resolución núm. 4**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para, en cumprimento do principio de transparencia, presentar a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, coa incorporación da información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos:

a ) da situación financeira global do sector público autonómico;
b ) da execución de beneficios fiscais;
c ) do volume de endebedamento e do grao de cumprimento de obxectivos;
d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

**Resolución núm. 5**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fundamentar de xeito totalmente congruente e claro o financiamento vinculado ás incorporacións de crédito relativo á liquidación de exercicios anteriores.

**Resolución núm. 6**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rendición de contas, así como a elaborar toda a documentación necesaria para non limitar o alcance dos informes por parte do Consello de Contas de Galicia, procedendo ao subministro sobre o coste de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia, elaborando e dando a coñecer un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro e auditoría pública.

**Resolución núm. 7**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias co fin de restrinxir o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), e evitar a súa utilización como programa-ponte de transferencias de crédito co obxectivo de posibilitar a superación dos límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

**Resolución núm. 8**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regulamente os supostos de aplicación, así como a dotación asignada o Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF.

**Resolución núm. 9**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación orzamentaria e contable entre os investimentos reais e os gastos de carácter inmaterial.

**Resolución núm. 10**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que publique na

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

súa páxina de transparencia, información accesible e actualizada acerca dos obxectivos económicos e financeiros establecidos e o seu grao de realización polas diversas unidades de gasto do sector público autonómico.

**Resolución núm. 11**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, e levar a cabo as actuacións necesarias para conseguir unha utilización máis eficiente dos recursos tal que ao final de cada exercicio se xustifique unha contía superior dos fondos aos que se realizou en precedentes exercicios.

**Resolución núm. 12**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar o volume, tanto en importe como número, das modificacións orzamentarias, realizando unha concreta e axeitada valoración do seu impacto sobre os obxectivos de gasto programados.

**Resolución núm. 13**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a respectar a lexislación aplicable e a non volver a diminuír, os créditos consignados para gastos do programa 312D para a atención á dependencia, ao tempo que verificar o nivel de calidade asistencial da rede pública de centros de atención ás persoas maiores adscritas á Consellería de Política Social.

**Resolución núm. 14**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a computar e contabilizar

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

correctamente os gastos correspondentes a cada exercicio económico, para evitar a validación de gastos de exercicios anteriores, así como desprazamentos de obrigas ao ano seguinte, que por non se computaren correctamente non figuran no cálculo do remanente e constitúen pasivos ocultos.

**Resolución núm. 15**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a integrar a todos os efectos as fundacións de investigación con conexións aos centros sanitarios públicos, no sector público autonómico, sometendo polo tanto as súas contas á rendición do Consello de Contas de Galicia.

**Resolución núm. 16**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regularizar os concertos sanitarios que se manteñen no tempo sen soporte contractual adecuado, para rematar coa utilización de xeito reiterado de autorizacións de uso que en moitos casos non acreditan necesidades urxentes que se pretenden atender por parte do Sergas.

**Resolución núm. 17**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que empregue indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que se poidan evitar os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos preceptores dos fondos europeos.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Resolución núm. 18**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que nas distintas bases de datos XUMCO e Conta Xeral, se incorpore o mesmo sistema de identificación e clasificación de todas as persoas beneficiarias de fondos europeos, relacionando os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e especificando os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica.

**Resolución núm. 19**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a efectuar unha análise do custo das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) de Povisa en relación co Hospital Álvaro Cunqueiro, para poder fixar con exactitude o importe a satisfacer a este ente concertado e permitir unha idónea comparativa co paciente atendido nos centros públicos, ao tempo que a implantar mecanismos efectivos para o seguimento e valoración sanitaria.

**Resolución núm. 20**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de 6 meses un informe á Cámara galega no que dea conta pormenorizada do grado de execución ou incumprimento en relación ás conclusións e recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia e recollidas no documento “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral”.

**Resolución núm. 21**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar substancialmente e axilizar por parte do Sergas os procesos de reclamacións de

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

responsabilidade patrimonial, reforzando a análise sobre os incidentes acontecidos e para avanzar no obxectivo da súa minoración, promover criterios homoxéneos que garantan unha maior calidade da instrución e regular o funcionamento da Comisión de seguimento existente.

**Resolución núm. 22**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto, así como regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.

**Resolución núm. 23**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas, así como a aprobación no prazo de tres meses dos plans estratéxicos e plans de acción anuais previstas nas súas normas de creación e inéditos ata o día de hoxe.

**Resolución núm. 24**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

**Resolución núm. 25**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a negociar coas

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:06:23
Nº Rexistro: 26735
Data envio: 03/06/2025 18:06:23.020



entidades locais galegas a asunción e o custe das competencias impropias que están sendo desenvolvidas polas corporacións locais, así como abordar un plan de financiamento local.

**Resolución núm. 26**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de comunicación anual que inclúa o orzamento total destinado a publicidade e propaganda distribuído por consellerías e entes instrumentais do sector público de Galicia.

**Resolución núm. 27**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar no portal de transparencia os expedientes de validación de gastos irregulares aprobados polo Consello da Xunta, a xustificación dos incumprimentos ou omisión de fiscalización detectados, incluíndo os expedientes de validación tramitados en relación co Sergas.

**Resolución núm. 28**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar o cumprimento da obriga de publicidade da contratación menor, definindo o obxecto da contratación e permitindo a explotación dos datos por beneficiarios sen limitacións temporais, co obxecto de evitar os fraccionamentos irregulares e dar garantía aos cumprimentos dos principios básicos da contratación administrativa de publicidade, concorrencia e integridade.

**Resolución núm. 29**

O Parlamento de Galicia insta A Xunta de Galicia a reducir o grao de

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:06:23
Nº Rexistro: 26735
Data envio: 03/06/2025 18:06:23.020

temporalidade no emprego público, especialmente no ámbito sanitario, tal e como ten constatado o Consello de Contas. O obxectivo de temporalidade no emprego público está a nivel nacional no 8 %. O sector público representa o 21 % do emprego en Galicia (199.000 asalariados) e reúne o 41 % de todos os temporais.

**Resolución núm. 30**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha base de datos dos reparos efectuados polas distintas Intervencións Delegadas e as contestacións realizadas polos diferentes órganos xestores para a fiscalización polo Consello de Contas de Galicia, do mesmo xeito que xa se efectúa o dito control en relación coas entidades locais de Galicia.

**Resolución núm. 31**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe que conteña os datos de execución dos fondos propios e recibidos do Estado do Xacobeo nos último 5 anos, así como dos procesos de contratación.

**Resolución núm. 32.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á profesionalización da xestión do Instituto Galego de Promoción Económica.

**Resolución núm. 33**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha aplicación informática que permita obter datos históricos sobre os saldos debedores pendentes de cobro, xa que a día de hoxe a información non está dispoñible, o que limita o cálculo dos dereitos de dubidoso cobro e a realidade do alcance

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

relativo ao remanente de tesourería.

**Resolución núm. 34**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no capítulo VIII do orzamento de gastos da Administración Xeral, que figura como activos financeiros operacións por importe de 119 millóns de euros destinadas a cubrir déficits de explotación da CRTVG, se rexistren como gasto non financeiro e polo tanto diminuír o resultado de operacións non financeiras nese importe.

**Resolución núm. 35**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar unha regulación efectiva dos conflitos de intereses dos altos cargos do Goberno galego nos procedementos de contratación e subvencións públicas.

**Resolución núm. 36**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que o Sergas, que representa o 40 % do gasto non financieiro da Comunidade, conte cun sistema integral de contabilidade.

**Resolución núm. 37**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se reduza o emprego do contrato menor a situacións excepcionais que aconsellen a súa utilización fronte a outros procedementos e motivar expresamente esa excepcionalidade no informe ou memoria xustificativa da necesidade, así como planificar a actividade contractual identificando as necesidades que se van reiterar ao longo do exercicio e aquelas que se manteñen por un tempo superior a un ano.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:06:23
Nº Rexistro: 26735
Data envio: 03/06/2025 18:06:23.020

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Resolución núm. 38**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se reduza os procedementos de concesión directa de subvencións públicas, a través de convenios de colaboración a situacións excepcionais, sendo o procedemento legal ordinario de subvencións o de concorrencia competitiva.

Santiago de Compostela, a 3 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:06:23
Nº Rexistro: 26735
Data envio: 03/06/2025 18:06:23.020

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/06/2025 17:24:13

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:06:23
Nº Rexistro: 26735
Data envio: 03/06/2025 18:06:23.020

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 18:06:23**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:21
Nº Rexistro: 26738
Data envio: 03/06/2025 18:19:21.823

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 10 das Normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** ao **Informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2024** ( doc. núm. 11005; 12/IFIS-000001)

**Resolución núm. 1**

O Parlamento galego acorda, por resolución, aprobar o Informe de Fiscalización das contabilidades electorais correspondentes ás eleccións de 18 de febreiro de 2024.

**Resolución núm. 2**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar o reforzo do financiamento público dos partidos, con medidas de aforro e racionalización do gasto, co establecemento de límites máis estritos ao financiamento privado e, en todo caso, o aumento de mecanismos para ter clara a trazabilidade das achegas feitas polos



CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

partidos, o reforzamento de medidas de transparencia e medidas de sanción e castigo aos incumpridores.

**Resolución núm. 3**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas exemplificadoras para castigar aos incumpridores, e, en particular, que se suspenda o pagamento de subvencións cando se diten sentenzas onde se declare a responsabilidade penal da formación política ou de persoas con responsabilidades na xestión das súa finanzas.

**Resolución núm. 4**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza para que estableza un mecanismo de fiscalización que permita establecer a veracidade e realidade da equivalencia entre as contas e os custes reais, é dicir, que se realice un proceso de veracidade dos custes para un mellor aproveitamento dos recursos públicos.

**Resolución núm. 5**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a arbitrar un mecanismo para o envío único, centralizado de papeletas e sobres de votación, de todas as formacións políticas que se presenten no proceso electoral, co fin de garantir a igualdade e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos públicos.



CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:19:21
Nº Rexistro: 26738
Data envio: 03/06/2025 18:19:21.823

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Resolución núm. 6**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas para a mellora da calidade democrática nas campañas electorais, tales como: como incrementar a cobertura informativa das campañas electorais nos medios de comunicación públicos, establecer a obrigatoriedade da celebración de debates a nivel galego e dos distintos territorios e de que os medios públicos emitan en horario de máxima audiencia entrevistas con candidatos das distintas formacións políticas.

**Resolución núm. 7**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas de acción positiva para o emprego da lingua galega nas relacións que as diversas entidades galegas manteñen co Consello de Contas.

**Resolución núm. 8**

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que favoreza a extensión do labor do Consello de Contas canto á fiscalización da regularidade de gastos electorais ao control do gasto público en materia de publicidade desenvolto pola Xunta de Galiza e organismos dependentes no trimestre anterior á celebración de eleccións así como nos días de campaña electoral para garantir a non existencia de publicidade electoral encuberta.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025



CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Pérez López**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/06/2025 16:47:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2025 17:06:02**

**Iria Carreira Pazos na data 03/06/2025 17:06:45**

**Daniel Pérez López na data 03/06/2025 17:06:47**

**José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 17:07:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2025 17:07:29**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:23:29
Nº Rexistro: 26742
Data envío: 03/06/2025 18:23:29.692

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa da Comisión Permanente non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do disposto nas normas reguladoras do Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **recomendacións** en relación co Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para 2025 (documento número 15637; 12/CPAT-000001)

**Recomendación número 1**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas fiscalizar as mancomunidades que estean operativas e con funcionamento efectivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Recomendación número 2**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas avaliar as medidas de fomento da vivenda pública desenvolvidas nas sete grandes cidades de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/06/2025 18:23:11**

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:18:59
Nº Rexistro: 26737
Data envío: 03/06/2025 18:18:59.797

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **recomendacións en relación co Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galiza para 2025** ( doc. núm. 15637; 12/CPAT-000001).

**Recomendación núm. 1**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre os resultados dos denominados "impostos cero no rural" e das medidas contempladas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica.

**Recomendación núm. 2**

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha auditoría sobre os criterios aplicados pola Xunta de Galiza para reparto de fondos ou para a celebración de convenios coas Entidades Locais.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:18:59
Nº Rexistro: 26737
Data envio: 03/06/2025 18:18:59.797

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Recomendación núm. 3**

O Parlamento galego propón ao Consello de Contas a realización dun novo *Informe de fiscalización dos gastos de persoal da Administración xeral 2020-2024* para dar continuidade ao elaborado para o período 2014-2019.

**Recomendación núm. 4**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización relativo á execución dos contratos para o Servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores concertados e as consecuencias de eventuais incumprimentos.

**Recomendación núm. 5**

O Parlamento galego propón ao Consello de Contas a realización dun novo Informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes que dea continuidade aos traballos programados anteriormente polo Consello.

**Recomendación núm. 6**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre o grao de cumprimento dos termos da concesión para a xestión do Centro de atención a persoas con discapacidade intelectual Souto de Leixa no Concello de Ferrol, facendo especial fincapé na calidade do servizo asistencial recibido polas persoas residentes.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 18:18:59
Nº Rexistro: 26737
Data envio: 03/06/2025 18:18:59.797

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Recomendación núm. 7**

O Parlamento galego propón ao Consello de Contas a fiscalización das concesións de xestión dos centros de menores da Xunta de Galiza.

**Recomendación núm. 8**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a accesibilidade e garantías da interrupción da xestación realizadas dentro do sistema sanitario público así como da prestación do servizo por medios alleos.

**Recomendación núm. 9**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas programar para o próximo ano a realización dun informe de fiscalización sobre os centros de crise 24 horas para a atención de vítimas de violencia sexual.

**Recomendación núm. 10**

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha auditoría sobre fenda de xénero nas remuneracións do persoal ao servizo da administración xeral da Xunta e das súas sociedades instrumentais.

**Recomendación núm. 11**

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización dos procesos de contratación, prórrogas e concursos relativos ao Plan de Transporte de Galiza desde o ano 2021, tanto no transporte por estrada regular como escolar.

CSV: BOPGDSPG-WP4J4cFds-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Recomendación núm. 12**

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización do programa de ordenación e inspección do transporte relativos aos exercicios 2021 a 2024.

**Recomendación núm. 13**

